

Adrián Noia: «Sinto que o de escribir vai máis en serio ao gañar á vez o premio Selic e publicar 'Pontealbar'»

[Montse García](#) Santiago

22 de novembro de 2025

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2025/11/22/span-langgladrian-noia-sinto-escribir-vai-mais-serio-ao-ganar-a-vez-premio-selic-publicar-pontealbarspan/0003_202511S22C10991.htm

A Adrián Noia (Santiago, 2001) **sempre lle gustou escribir**. Moi pronto os seus relatos conquistaron certames. Cando estudaba 3º da ESO conseguiu o Premio A Pipa de Becerrá (2016) e un ano despois, o Terras de Chamoso do Corgo. Pero o punto de inflexión nesa paixón chegou cando se pasou á novela e logrou con «O país dos raposos» o segundo premio do Xuventude Crea do 2021. «Aí vin que isto de escribir ía en serio», afirma o compostelán. Agora, acaba de vivir un novo punto de inflexión nesa traxectoria literaria: gañar o Premio Selic de Creación Literaria por «O silencio non arrola» coincidindo coa chegada ás librarías da súa terceira novela, «Pontealbar» (Galaxia). Unha situación que o levou a revivir esas sensacións de hai catro anos. **«Ao gañar o premio da Selic e publicar 'Pontealbar' con Galaxia este mes sinto que as regras volven a cambiar e o de escribir aínda vai máis en serio»**, di.

Precisamente, esta mañá Adrián Noia presenta «Pontealbar» en Santiago. Farao acompañado da creativa Andrea Mosteiro e do director de Edición de Galaxia, Marcos Calveiro, despois da estrea a semana pasada en **Trazo**. É onde vive na actualidade o autor e onde está ambientada esta novela fantástica e de aventuras que ten como un dos seus ingredientes, precisamente, unha lenda de A Ponte Alvar que foi recollida por Leandro Carré Alvarellós. Nela cóntase como unha rapaza, Marcela, foi raptada e violada polo conde de Alvar e, despois, a modo de xustiza derrubou o seu castelo o rei. «Uso moitas personaxes mitolóxicas de Galicia e tamén algúns que me inventei», afirma o autor, que converteu para a novela o río Tambre en río Grande. Deste xeito, esta terceira novela de Adrián Noia que acaba de ver a luz ten moito que ver co relato co que gañara o galardón en Becerreá ao contar con Trazo como escenario.

Novela máis intimista

Na obra gañadora do Premio Selic de Creación, sen embargo, o escritor compostelán amosa unha escrita máis intimista tomando referentes da súa propia experiencia persoal e familiar para fusionala con ficción. «É a obra que máis preparei, que máis correccións ten e a que máis me documentei», detalla Adrián Noia. Este relato que verá a luz de cara a próxima edición da Selic

ten como protagonista a Sara, neta dunha muller cunha enfermidade mental dexenerativa, pero que detrás ten unha historia persoal ao perder á súa nai tras ser fusilada polos falanxistas. A partir de aí, Sara trata de recuperar a historia da súa bisavoa.

Este relato de ficción, que ten como un dos espazos principais o barrio de San Lourenzo, en Santiago, vaise intercalando con feitos reais recollendo testemuños de persoas que sufriron a represión franquista. «**A idea é poñer o foco non nas vítimas directas, senón nesas mulleres que foron vítimas colaterais**, que sufriron deixazóns, desterros...», apunta o escritor e filólogo compostelán, quen se animou a presentarse ao premio ao ver que cumpría coas bases de estar ambientada en Santiago.

Dúas novelas, polo tanto, moi distintas. Non se limita a un xénero na súa escrita? «**Penso máis no que quero contar que na capa do libro**», responde, precisando que son dúas liñas que combina. Agora, este autor que está preparando oposicións para profesor e de pequeno quedou fascinado con «Corredores de sombra» de Agustín Fernández Paz, e máis tarde con autores como Margaret Atwood, Ana María Matute, Castelao, Almudena Grandes, Manuel Rivas, Diego Ameixeiras e María Victoria Moreno, teno moi claro: «Nunca vou deixar de escribir».